

SESIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE CALIDADE DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC (EDIUS) DO DIA 14 DE FEBREIRO DE 2021.

**Dá comezo a xuntanza ás 9:15 horas, coa orde do día indicada e coa presenza dos seguintes membros:** Pablo Taboada Antelo, Eva Rodil Rodríguez, Carolina López Gómez, Marco Eugenio Vázquez Sentís, José Miguel Túdez López, Beatriz Álvarez Díaz, Valentín Estévez Souto, Isabel Fraga Carou, José Ángel Fernández Escribano, Dolores Vilavedra Fernández, Angel García Alonso, Juan Bautista Zalvide Torrente, Juan Manuel Monterroso Montero

**Desculpan asistencia:** Rosa Crujeiras, José Manuel Cifuentes Martínez, Margarita Estevez Súa

ORDE DO DIA

1. Aprobación acta anterior
2. Informe do presidente da EDIUS
3. Informe dos subdirectores da EDIUS
4. Informe das alegacións ao informe provisional da ACSUG para a acreditación dos programas de doutoramento:
  - Estudos da Literatura e da Cultura
  - Lingüística
5. Asuntos de trámite
6. Rogos e Preguntas

**1. Aprobación, se procede, da acta anterior**

Acta da Comisión do día 27/01/2022.

**2. Informe do presidente da EDIUS**

- Estamos a espera de como vai quedar a configuración da área de calidade da USC por xubilación e pola propia desaparición do vicerreitorado de calidade, quen vai a ser a persoa coa responsabilidade última na área de calidade
- Existe certa inqueda tamén no grupo de estudantes que acadaron a convocatoria da xunta de doutoramento industriais en canto a se poderán ou non impartir docencia regulada. Estes doutorandos están contratados pola empresa e a finalidade e obxectivo da propia convocatoria é a inserción laboral do doutorando no mundo empresarial. O comité de dirección da EDIUS, aínda que se recoñece que impartir docencia pode complementar a súa formación, considera que non debería permitírselles impartir docencia regulada. Ademais, existe un problema co propio contrato que teñen asinado, a docencia non está recollida no contrato USC-empresa co que tería problemas de tipo administrativo. O equipo de goberno debe manifestarse ao respecto.
- A intención da EDIUS é realizar unha reunión do Comité de dirección con data límite o 02/03, levarase entre outros puntos a análise de tres propostas para modificación das próximas convocatorias de premios extraordinarios de

doutoramento. Unha vez o comité de dirección tome unha decisións avaliaranse os detalles nas convocatorias nas comisións sectoriais

### 3. Informe dos subdirectores da EDIUS

Non hai

### 4. Informe das alegacións ao informe provisional da ACSUG para a acreditación dos programas de doutoramento:

#### - Estudos da Literatura e da Cultura

A comisión de calidade da EDIUS informa favorablemente as alegacións ao informe provisional da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento en Estudos da Literatura e da Cultura recomendado a modificación do requisito de admisión establecido no punto 3 como "será requerido un informe del futuro director, que garantice la viabilidad del proyecto" por "será requerido la presentación de un informe de viabilidad por parte de un profesor del programa que garantice la viabilidad del proyecto de la futura tesis" dado que a elección do director/a da tese ven por parte da CAPD tras o proceso de admisión.

#### - Lingüística

A comisión de calidade da EDIUS informa favorablemente as alegacións ao informe provisional da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento en Lingüística.

### 5. Asuntos de trámite

Non hai

### 6. Rogos e Preguntas

Plantease a necesidade dun servicio de axuda psicolóxica para os estudantes de doutoramento, despois de diversas intervencións entendese que é necesario pensar unha extratexia para elo. Entre as propostas faladas está a de ofertar actividades formativas e divulgar o servicio de atención psicolóxica que está funcionando moi ben na USC. O director da EDIUS agradece as aportacións realizadas sempre para a mellorara da calidade do estudantado de doutoramento.

Sen mais asuntos que tratar levantase a sesións as 09:50 h

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Pablo Taboada Antelo

Asdo.: Eva Rodil

## Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer: PABLO TABOADA ANTELO**, DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 29/03/2022 15:58:18.

**Asinante/Firmante/Signer: EVA RODIL RODRIGUEZ**, NIF \*\*\*2074\*\*, 29/03/2022 14:25:44.

**CSV: CC16-BDBB-4120-B26C**